

Resumo do PLAN LECTOR

En cumprimento da lexislación vixente o Equipo de Biblioteca do CEIP Curros Enríquez de Celanova elaboran para o presente curso un Plan Lector cos seguintes obxectivos:

1. Fomentar a lectura diaria entre os alumnos.
2. Desenvolver os aspectos lúdicos inherentes ó proceso lector.
3. Enriquecer o vocabulario, a comprensión, o razoamento e as habilidades necesarias para a mellora do alumno en tódalas áreas.
4. Desenrolar a imaxinación, a reflexión e o espírito crítico.

Con tal fin establécense as seguintes actividades a desenvolver ó longo do curso:

1. Sesión de lectura diaria en silencio durante vintecinco minutos, de luns a xoves. Para iso habilitarase un espazo de tempo durante a 3ª sesión da mañá.

* O mestre ó que lle corresponda impartir clase á 3ª hora encargarse de desenvolver o Plan Lector, sexa titor ou especialista.

** As lecturas non se corresponderán coas do libro de texto. Alumnos e mestres escollerán a súa lectura na Biblioteca ou poderán traela da casa.

*** Na E. Infantil os horarios son establecidos polos mestres e non coinciden cos da E.P.

2. Mochila viaxeira. Programa polo cal o Equipo de Biblioteca proporcionará a cada curso unha mochila con libros de lectura, de consulta, de divulgación, música, películas, coa finalidade de que sexan utilizados por toda a familia do alumno. Axúntase un caderno no que os usuarios poderán anotar as súas impresións.
3. Biblioteca Escolar:
 - a. Horario de préstamo.
 - b. Horario de uso da biblioteca por cada curso.
 - c. Actividades que se programen durante o curso.
4. Utilización da prensa como recurso didáctico.
5. Calquera outra actividade que xurda o longo do curso a nivel individual, de grupo ou xeral.